

Área de **Vigo**

MERCADO DE TRABALLO

Características xerais da poboación maior de 16 anos

Paro rexistrado

Contratos

Sector empresarial

Anexo estatístico



Área de Vigo

MERCADO DE TRABALLO

Boletín semestral

Unidade de Promoción e Desenvolvemento
Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo
Vía Hispanidade, 17. CP. 36203
Tif: 986 42 33 66
updvido@maiv.org
www.maiv.org/upd

Equipo redactor:
Ángeles Romero Bello
Xulio Troitiño Dapena

Índice

Páxina

ABREVIATURAS E SIGNOS.....	5
FONTES.....	5
CARACTERÍSTICAS XERAIS DA POBOACIÓN DE 16 E MAIS ANOS DE IDADE	
■ Actividade.....	6
■ Ocupación.....	7
■ Desemprego.....	8
■ Comparación das cifras de Actividade, Ocupación e Desemprego da Área de Vigo coas de Pontevedra e Galicia.....	9
PARO REXISTRADO	
■ Evolución da cifra de paro.....	10
■ Comparación da evolución do paro da Área de Vigo con Pontevedra e Galicia.....	11
■ Distribución do paro por sexo e idade na Área de Vigo.....	12
■ Evolución do paro por sexo	13
■ Evolución do paro por sexo e idade.....	14
■ Distribución porcentual do paro por sectores económicos	15
■ Evolución do paro por sectores económicos.	16
CONTRATACIÓNS	
■ A contratación segundo o tipo e o sexo.....	17
■ As 10 ocupacións máis contratadas para as mulleres.	18
■ As 10 ocupacións máis contratadas para os homes....	19
SECTOR EMPRESARIAL	
■ Distribución e evolución do número de empresas por sectores económicos.....	20
■ Número de empresas por volume de empregados.....	21

ANEXO ESTATÍSTICO

■ Táboa 1. Taxas de actividade, ocupación e desemprego dos concellos da Área de Vigo , ano 2001.....	23
■ Táboa 2. Comparación das cifras de actividade, ocupación e desemprego dos concellos da area con respecto ás globais da Área de Vigo , ano 2001.....	24
■ Táboa 3. Evolución da cifra de paro rexistrado.....	25
■ Táboa 4. Porcentaxe de variación da cifra de paro do mes comparada coa do mesmo mes do ano anterior.....	25
■ Táboa 5. Distribución do paro por sexo e idade (nº), xuño 2007.....	26
■ Táboa 6. Distribución do paro por sexo e idade (%), xuño 2007.....	26
■ Táboa 7. Evolución do paro por sexo.....	27
■ Táboa 8. Evolución do paro por sexo, menores de 25 anos.....	28
■ Táboa 9. Evolución do paro por sexo, 25 e máis anos	29
■ Táboa 10. Distribución do paro por sector económico (nº), xuño 2007.....	30
■ Táboa 11. Distribución do paro por sector económico (%), xuño 2007.....	30
■ Táboa 12. Evolución da cifra de paro por sectores económicos.....	31
■ Táboa 13. Porcentaxe de variación da cifra de paro por sector económico do mes comparada coa do mesmo mes do ano anterior.....	32
■ Táboa 14. Número de empresas por sectores económicos.....	35
■ Táboa 15. Porcentaxe de empresas por sectores económicos.....	36
■ Táboa 16. Número de empresas por volume de empregados.....	37
■ Táboa 17. Número de autónomos, anos 2003 e 2004	38

■ Táboa 18. Porcentaxe de empresas por volume de empregados.....	39
■ Táboa 19. Número e porcentaxe de autónomos sobre o total de empresas, anos 2003, 2004 e 2006	40

Abreviaturas e signos

AV: Area de Vigo

(Baiona, Fornelos de Montes, Gondomar, Mos, Nigrán, Pazos de Borbén, O Porriño, Redondela, Salceda de Caselas, Salvaterra de Miño, Soutomaior e Vigo).

%: Porcentaxe

Nº: Número

H: Homes

M: Mulleres

T: Total

Fontes

INE: Instituto Nacional de Estadística

IGE: Instituto Galego de Estatística


SGC: Servizo Galego de Colocación

Observatorio ocupacional. Consellería de Traballo

CARACTERÍSTICAS XERAIS DA POBOACIÓN DE 16 E MÁIS ANOS

Actividade

Comparación das taxas de actividade segundo sexo
Ano 2001



Fonte: Elaboración propia a partir do Censo de Poboación e Vivendas 2001. INE

A AV ten as taxas de actividade totais máis altas que as da provincia e Galicia.

As taxas de actividade correspondentes a homes e mulleres do total da Área de Vigo son superiores ás da provincia de Pontevedra e Galicia. Nos tres territorios as taxas de actividade feminina continúan moi por debaixo da masculina.

A **Taxa de Actividade** é a porcentaxe do número de persoas activas sobre o total da poboación de 16 ou máis anos. As persoas activas son as que, nun período determinado, subministran man de obra para a produción de bens e servizos económicos ou que están dispoñibles e fan xestións para incorporarse a dita produción.


Segundo o Censo de Poboación e Vivendas do ano 2001 do INE, 54,40 de cada 100 persoas de 16 e máis anos de idade formaban parte da poboación activa no conxunto da Área de Vigo. Esta taxa está por riba da de Pontevedra (56,69%) e Galicia (50,68%).

Atendendo á taxa de actividade segundo sexo, os valores máis altos corresponden aos da Área de Vigo. Así, o 66,67% dos homes maiores de 16 formaban parte da

poboación activa no 2001, mentres que en Pontevedra esta porcentaxe era do 65,44% e do 62,07% en Galicia. Con respecto ás mulleres, cuxos valores están moi por debaixo dos que posúen os homes nos tres espazos analizados, as súas taxas de actividade representaban un 43,30% na Área de Vigo, 23,47 puntos por debaixo dos homes. En Pontevedra, a taxa de actividade feminina era do 41,15%, lixeiramente superior en Galicia, cun valor do 40,33%.

CARACTERÍSTICAS XERAIS DA POBOACIÓN DE 16 E MÁIS ANOS

Ocupación



Fonte: Elaboración propia a partir do Censo de Poboación e Vivendas 2001. INE

A taxa de ocupación das mulleres está por debaixo da dos homes na Área de Vigo.

As diferenzas entre a ocupación masculina e a feminina superan nos tres espazos os vinte puntos porcentuais: 24,62, 25,1 e 22,06, respectivamente para a Área de Vigo, Pontevedra e Galicia.

A **Taxa de Ocupación** é a porcentaxe de persoas ocupadas sobre o total da poboación de 16 e máis anos. As persoas ocupadas son aquelas que durante a semana de referencia tiveron un traballo por conta allea ou exerceron unha actividade por conta propia nalgunha das situacións especificadas polo INE.

As taxa de ocupación no ano 2001 da Área de Vigo era de 46,62%. A diferenza entre homes e mulleres era de 24,62 puntos sendo as porcentaxes de 59,60% e 34,98% , respectivamente. Os valores totais da Área de Vigo sitúanse por riba dos de Pontevedra e Galicia, sendo respectivamente do 45,65% e 44,34%.

No caso da taxa masculina, Pontevedra posuía valores semellantes aos da Área de

Vigo, con 58,99% mentres que a Galicia correspondíalle unha taxa de 55,90%.


A taxa feminina sitúase en Pontevedra no 33,89% e en Galicia no 33,84%.

Destaca, a diferenza existente entre a ocupación de homes e mulleres, superando nos tres espazos analizados os 20 puntos.

CARACTERÍSTICAS XERAIS DA POBOACIÓN DE 16 E MÁIS ANOS

Desemprego

Comparación das taxas de desemprego segundo sexo
Ano 2001



Fonte: Elaboración propia a partir do Censo de Poboación e Vivendas 2001. INE

A taxa de desemprego na Área de Vigo supera á do conxunto de Galicia.

A taxa de desemprego xeral, e as correspondentes a homes e mulleres superan ás da provincia de Pontevedra e Galicia. A taxa de paro feminina é superior á masculina na AV e nos outros dous espazos analizados.

A **Taxa de Desemprego** é a porcentaxe de desempregados entre o total de activos. Son desempregados as persoas de 16 ou máis anos que durante a semana de referencia estiveron sen traballo, dispoñibles para traballar e buscando activamente emprego. Tamén son desempregados os que atoparon un traballo e están a espera de incorporarse a el, sempre que verifiquen as dúas primeiras condicións.

A porcentaxe de persoas desempregadas no ano 2001 na Área de Vigo era do 14,29%. Para Galicia e Pontevedra as porcentaxes de desemprego para o total da poboación eran do 12,51% e 13,05%, respectivamente segundo os datos do Censo de Poboación e Vivendas do ano 2001.

No caso das mulleres, a taxa de paro era de 19,20%, na Área de Vigo, 8,45 puntos porcentuais por riba da correspondente aos homes, que representaban o 10,75%.

A taxa de paro feminina na AV era 3,11 puntos superior á galega, cuns valores de 19,20% e 16,09% respectivamente. A taxa de desemprego feminina en Pontevedra era do 17,64%.

No que respecta aos homes, as diferenzas entre a Área de Vigo, Pontevedra e Galicia son menos significativas, posuíndo uns valores do 10,75%, 9,86% e 9,94%, respectivamente.

CARACTERÍSTICAS XERAIS DA POBOACIÓN DE 16 E MÁIS ANOS

Comparación das cifras de actividade, ocupación e desemprego da Área de Vigo coas de Pontevedra e Galicia

O número de activos, ocupados e desempregados da AV supón case a metade do da provincia de Pontevedra, e practicamente un terzo do de Galicia.

No ano 2001 o número de activos da Área de Vigo supuñan o 46,07% dos activos totais da provincia de Pontevedra e o 15,79% dos de Galicia. Para os ocupados a porcentaxe foi do 45,58% dos ocupados de Pontevedra e o 15,46% dos de Galicia. E para os desempregados a porcentaxe acadou o 50,46%, con respecto a Pontevedra, e o 18,04%, no que atinxe ao total de desempregados de Galicia.

No referente a mulleres e homes, as porcentaxes son moi parellas ás globais, pero coa particularidade de que as porcentaxes para o sexo feminino son superiores que para o masculino.


COMPARACIÓN DAS CIFRAS DE ACTIVIDADE, OCUPACIÓN E DESEMPREGO DA ÁREA DE VIGO COAS DE PONTEVEDRA E GALICIA, ANO 2001

		ÁREA DE VIGO/ Pontevedra	ÁREA DE VIGO/ Galicia
Actividade	Total	46,07%	15,79%
	Homes	45,33%	15,72%
	Mulleres	47,14%	15,88%
Ocupación	Total	45,58%	15,46%
	Homes	44,89%	15,59%
	Mulleres	46,24%	15,29%
Desemprego	Total	50,46%	18,04%
	Homes	49,40%	16,99%
	Mulleres	53,30%	18,94%

Fonte: Elaboración propia a partir do Censo de Poboación e Vivendas do 2001

PARO REXISTRADO

Evolución da cifra de paro



Fonte: Informe Mensual do Paro Rexistrado. SGC

O paro decreceu un 9,11% no mes de xuño de 2007 con respecto a xuño de 2006.

Durante todo o primeiro semestre do ano 2007 as cifras de paro rexistrado estiveron por debaixo das do mesmo período do ano anterior.

Paro rexistrado: total de demandas existentes o último día do mes que se atopan en situación de alta, excluindo aquelas demandas nas situacións descritas na Orde ministerial do 11 de marzo de 1985.

As cifras de paro do semestre comezaron con 27.949 persoas anotadas nas listas do mes de xaneiro de 2007, e remataron o período con 25.209 demandantes no mes de xuño de 2007, o que supuxo un descenso do paro do 9,80%.

Durante todo este período o número de persoas paradas estivo a minguar, sendo o maior descenso o do mes de maio, onde o número de persoas anotadas nas oficinas de emprego descendeu un 4,04% con respecto ao do mes anterior.


Se comparamos esta evolución coa do mesmo período do ano anterior, tal e como reflicte a gráfica, pódese observar

como as dúas teñen unha evolución moi parella, sendo as cifras do 2007 inferiores ás do 2006.

Soamente nos tres últimos meses do semestre as cifras do ano 2007 se aproximaron ás do 2006, debido a un menor ritmo de descenso do número de persoas paradas no ano 2007 que no 2006.

PARO REXISTRADO

Comparación da evolución do paro da AV con Pontevedra e Galicia



O descenso do paro foi menor na AV que na Provincia de Pontevedra e en Galicia.

Durante o semestre a baixada das cifras de paro na AV foi do 9,80%, mentres que en Pontevedra e en Galicia foi do 12,95% e do 12,49%, respectivamente.

Para realizar esta comparación tomouse como base o mes de xaneiro do 2007. Deste xeito a gráfica o que representa é a porcentaxe de variación con respecto ao devandito mes.

No semestre analizado o descenso global do número de persoas paradas ao final do mesmo foi do 9,80% para a AV, mentres que en Pontevedra foi do 12,95% e en Galicia do 12,49%.


Para os tres territorios (AV, Pontevedra e Galicia) a evolución da cifra de paro rexistrado foi similar, é dicir, unha fase de lixeira diminución que vai de xaneiro a marzo, e unha fase de forte descenso que vai de abril a xuño.

O mes no que máis diminuíu a cifra de desemprego foi no de maio, no que a AV experimentou un descenso do 4,04%, lixeiramente inferior ao experimentado por Pontevedra (4,50%) e Galicia (4,44%).

PARO REXISTRADO

Distribución do paro por sexo e idade

Distribución do paro por sexo e idade
na Área de Vigo
Xuño 2007



Fonte: Informe Mensual do Paro Rexistrado. SGC

O 61,81% dos parados da AV son mulleres de 25 e máis anos de idade.

No mes de xuño do 2007 a análise das cifras de paro rexistrado diferenciando por sexo e idade mostran que a maior parte dos parados da AV son mulleres de 25 e máis anos.

A distribución do paro por sexo e idade ensina a porcentaxe que sobre o total representa a cifra de paro para os homes ou mulleres, diferenciando entre os menores de 25 anos e os de 25 e máis anos. Cada un destes estratos poboacionais conforma un grupo homoxéneo en si e cun comportamento diferenciado.

Na análise da cifra de paro rexistrado diferenciando o sexo e a idade dos demandantes, pódese ver como o grupo máis numeroso constitúeno o das mulleres paradas de 25 ou máis anos (61,81%). Tras el, pero a bastante distancia, sitúase o grupo dos homes parados de 25 e máis anos (28,74%).


Por detrás destes dous grupos, están as mulleres paradas menores de 25 anos, que supoñen o 4,74% das persoas paradas da AV, e os homes parados menores de 25 anos, que representan o 4,72% do total.

PARO REXISTRADO

Evolución do paro por sexo

O mellor comportamento do paro masculino na AV fixo aumentar a diferenza entre sexos no semestre.

Durante o semestre (xaneiro a xuño de 2007) o paro masculino descendeu un 12,73%, mentres que o feminino facíao nun 8,26%.



Fonte: Informe Mensual do Paro Rexistrado. SGC

A cifra do paro feminino estivo por riba da masculina durante todo o semestre (xaneiro a xuño de 2007), cunha diferenza que estivo a medrar, xa que ao final do período o decrecemento das mulleres paradas foi do 12,73%, mentres que o dos homes foi do 8,26%.

Desta maneira, o volume de mulleres paradas é moi superior ao dos homes, posto que en xuño do 2007 a porcentaxe que representaban as mulleres con respecto ao total estaba por riba do 60% (66,55%), fronte ao 33,45% que representaba a porcentaxe dos homes.


Na evolución das cifras de desemprego, tanto para homes como para mulleres, pódese ver como hai unha primeira etapa de recesión moderada na primeira metade do semestre, para despois acabar nunha etapa de forte descenso na segunda metade do semestre.

No caso das mulleres hai unha particularidade, posto que os descensos da cifra de paradas da segunda fase tiveron menos intensidade que os experimentados polo cifra de paro masculino.

PARO REXISTRADO

Evolución do paro por sexo e idade

Evolución do paro por sexo na Área de Vigo,
menores 25 anos
Xan 07 - xuñ 07



Fonte: Informe Mensual do Paro Rexistrado. SGC


As cifras de paro para as mulleres menores de 25 anos experimentaron un forte descenso no semestre.

Os valores acadados polas mulleres menores de 25 anos caeron nun 20,39% no semestre, moi por riba do experimentado polas cifras masculinas que foi do 7,97%. Isto fixo que ao final do semestre o número de mulleres menores de 25 anos alcanzara uns valores semellantes ao dos homes dese tramo de idades.

As diferenzas entre mulleres e homes parados de máis de 25 anos estiveron medrando durante o período.

O número de mulleres paradas de máis de 25 anos era, ao comezo do período, 2 veces maior que o dos homes do mesmo tramo de idade, pero a medida que foron pasando os meses as diferenzas fóronse ancheando ata chegar a representar o 2,15 veces o valor dos homes.

Evolución do paro por sexo na Área de Vigo,
25 e máis anos
Xan 07 - xuñ 07




Fonte: Informe Mensual do Paro Rexistrado. SGC

PARO REXISTRADO

Distribución porcentual do paro por sectores económicos

Distribución porcentual do paro por sectores económicos
na Área de Vigo
Xuño 2007



Fonte: Informe Mensual do Paro Rexistrado. SGC

O 55,45% das persoas paradas da AV proveñen do sector servizos.

O sector servizos foi, en xuño do 2007, o que achegou un maior número de parados/as, posto que máis da metade dos desempregados/as da área proveñen deste sector.

Para analizar a distribución do **paro rexistrado por sectores económicos** tivéronse en conta as cifras do mes de xuño de 2007, diferenciando os parados/as que proveñen da agricultura/gandaría, da industria, da construción, dos servizos e os que non tiveron un emprego anterior.

O sector servizos foi o que achegou un maior número de parados/as en xuño de 2007, chegando a acadar os 13.979 e supondo o 55,45% do total de parados/as.

Por detrás sitúase o sector industrial, que acadaba os 4.955 parados/as e representaba o 19,66% da cifra global de paro rexistrado.


As persoas sen emprego anterior conformaban o terceiro grupo en importancia, con 3.930 desempregados/as e o 15,59%.

Os parados que proviñan das actividades da construción son o seguinte grupo en importancia, supondo 1.778 persoas e o 7,05%.

Por último, o sector agrogandeiro achega o 2,25% dos desempregados/as o que comporta unha cifra de 567 persoas desempregadas.

PARO REXISTRADO

Evolución do paro por sectores económicos



O maior descenso do período experimentárono as persoas desocupadas que proveñen da construción, que o fixeron nun 16,75%.

Ao final do período o sector que máis descendera nas súas cifras de desemprego fora o sector da construción, que o fixo nun 16,75%, seguido polo sector dos servizos, o sector agrogandeiro, o sector industrial e as persoas desocupadas sen emprego anterior, con porcentaxes respectivas do 14,14%, 12,58%, 10,82% e 4,84%.

En canto á comparación coas cifras do ano anterior, pódese ver un receso no número de parados en tódolos sectores económicos. O maior receso nas cifras experimentouno o sector da construción.

PORCENTAXE DE VARIACIÓN DA CIFRA DE PARO DO MES E SECTOR ECONÓMICO CON RESPECTO Á DO MESMO MES E SECTOR DO ANO ANTERIOR

Período	Agricultura/ gandaría	Industria	Construción	Servizos	Sen emprego anterior
Xan 07/Xan 06	-8,81%	-10,25%	-14,63%	-9,85%	-5,71%
Feb 07/Feb 06	-10,00%	-9,22%	-14,19%	-9,96%	-6,43%
Mar 07/Mar 06	-8,04%	-8,96%	-14,10%	-9,28%	-5,92%
Abr 07/Abr 06	-8,27%	-8,41%	-12,97%	-8,95%	-5,22%
Mai 07/Mai 06	-5,80%	-8,63%	-11,51%	-9,39%	-7,99%
Xuñ 07/Xuñ 06	-8,01%	-7,69%	-10,80%	-7,45%	-1,00%

Fonte: Informe mensual do paro rexistrado. SGC

CONTRATACIONES

A contratación segundo o tipo e o sexo

DISTRIBUCIÓN DAS CONTRATACIÓN SEGUNDO TIPO E SEXO NA ÁREA DE VIGO. 1º SEMESTRE 2007

Sector de actividade	Mulleres		Homes		Total	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%
Indefinido	2.999	6,98%	5.853	10,89%	8.852	9,15%
Indefinido tempo parcial	1.343	3,12%	695	1,29%	2.038	2,11%
Temporal	24.738	57,55%	36.632	68,17%	61.370	63,45%
Temporal tempo parcial	13.086	30,44%	9.016	16,78%	22.102	22,85%
Prácticas/Formación	708	1,65%	865	1,61%	1.573	1,63%
Outros	113	0,26%	676	1,26%	789	0,82%
TOTAL	42.987	100,00%	53.737	100,00%	96.724	100,00%

Fonte: Instituto Galego das Cualificacións

Os contratos temporais supuxeron o 86,30% das contratacións do primeiro semestre do ano 2007, afectando en maior medida aos homes que as mulleres.

O primeiro semestre do ano 2007 producíronse na Área de Vigo 96.724 contratos, dos que o 44,44% lles corresponden ás mulleres e o 55,55% aos homes.

O 86,30% dos contratos celebrados na AV foron realizados coas modalidades de **contratación temporal**, sendo as tipoloxías de temporal (63,45%) e temporal a tempo parcial (22,85%) as máis empregadas no primeiro semestre do ano 2007. Destas modalidades, a de tempo completo foi máis empregada tanto polas mulleres como polos homes, 57,55% e 68,17%, respectivamente; a modalidade de tempo parcial foi empregada no 30,44% dos contratos feitos ás mulleres e no 16,78% nos contratos feitos aos homes.

No tocante ás modalidades de **contratación indefinida**, a tipoloxía de contratación indefinida supón o 9,15%, mentres que a contratación indefinida a tempo parcial supón o 2,11%, tendo maior importancia a contratación feminina, 3,12% fronte ao 1,29% dos homes.

O resto das modalidades de contratación, prácticas/formación e outras modalidades, tiveron unhas porcentaxes que non superaron o 2% do total de contratos, sendo respectivamente do 1,63% e do 0,82%.

CONTRATACIÓNS

As 10 ocupacións máis contratadas para as mulleres

OCUPACIÓNS MÁIS CONTRATADAS POLAS MULLERES DEMANDANTES DE EMPREGO DA ÁREA DE VIGO. 1º SEMESTRE 2007

Ocupación	Nº	%
Dependentas e exhibidoras en tendas, almacéns, quioscos e mercados	4.997	11,99%
Peóns de industrias manufactureiras	4.682	11,24%
Camareiras, barmans e asimilados	3.607	8,66%
Persoal de limpeza de oficinas, hoteis (camareiras de piso) e outros establecementos similares	3.246	7,79%
Taquígrafas e mecanógrafas	2.290	5,50%
Traballadoras conserveiras de froitas e verduras	1.445	3,47%
Peóns do transporte e descargadoras	1.232	2,96%
Cociñeiras e outros preparadores de comidas	1.141	2,74%
Auxiliares de enfermaría hospitalaria	1.063	2,55%
Telefonistas	1.032	2,48%

Fonte: Instituto Galego das Cualificacións

As contratacións realizadas a mulleres na Área de Vigo están moi concentradas en ocupacións relacionadas co sector servizos e en ámbitos claramente feminizados.

Para as mulleres da Área de Vigo as 10 ocupacións máis contratadas no primeiro semestre do ano 2007 representan o 59,28% das contratacións realizadas, correspondéndolle a maior parte delas ao sector servizos. Sete das dez ocupacións corresponden ao sector servizos, representando o 41,71% das contratacións máis demandadas.

Das 42.987 contratacións feitas ás mulleres na Área de Vigo durante o semestre, o 11,99% correspondeuse coa de *Dependentas e exhibidoras en tendas, almacéns, quioscos e mercados*.

A esta ocupación seguíronlle as ocupacións de *Peóns de industrias manufactureiras* (11,24%), *Camareiras, barmans e asimilados* (8,66%), *Persoal de limpeza de oficinas, hoteis (camareiras de piso) e outros establecementos similares* e *Taquígrafas e mecanógrafas*, cun 7,79% e cun 5,50%, respectivamente.

O resto das ocupacións non pasa do 4%.

CONTRATACIÓNS

As 10 ocupacións máis contratadas para os homes

OCUPACIÓNS MÁIS CONTRATADAS POLOS HOMES DEMANDANTES DE EMPREGO DA ÁREA DE VIGO. 1º SEMESTRE 2007

Ocupación	Nº	%
Peóns de industrias manufactureiras	10.169	18,93%
Peóns do transporte e descargadores	5.692	10,60%
Albaneis e canteiros	2.614	4,87%
Camareiros, barmans e asimilados	2.236	4,16%
Operadores de máquinas para fabricar produtos de papel e cartón	1.764	3,28%
Condutores de camións	1.737	3,23%
Dependentes e exhibidores en tendas, almacéns, quioscos e mercados	909	1,69%
Operadores de robots industriais	866	1,61%
Montadores de maquinaria mecánica	722	1,34%
Soldadores e oxicortantes	495	0,92%

Fonte: Instituto Galego das Cualificacións

As contratacións realizadas a homes na Área de Vigo están bastante repartidas en ocupacións vinculadas cos sectores industrial, servizos e construción.

Para os homes da Área de Vigo as 10 ocupacións máis contratadas no primeiro semestre do ano 2007 representan o 50,63% das contratacións realizadas ao longo de todo o período, estando, bastante repartidas entre os sectores industrial, de servizos e da construción.

Das 53.737 contratacións feitas aos homes na Área de Vigo durante o semestre, o 18,93% correspondeuse coa de *Peóns de industrias manufactureiras*. A esta, séguenlle as ocupación de *Peóns do trans-*


porte e descargadores (10,60%), *Albaneis e Canteiros* (4,87%), *Camareiros, barmans e asimilados* (4,16%).

O resto das ocupacións acadaron porcentaxes inferiores ao 4%.

SECTOR EMPRESARIAL

Distribución e evolución do número de empresas por sectores económicos

Distribución porcentual do número de empresas por sectores económicos na Área de Vigo
Ano 2006



Fonte: Directorio de Empresas e Unidades Locais. IGE

O sector *Servizos* acapara o 81,23% das empresas da AV.


O número de empresas da área situouse en 32.046 no 2006, o que supuxo un crecemento do 7,02% con respecto ao 2004. No número de empresas destaca sobre todo o sector *Servizos* (81,23%), seguido pola *Construción* (10,82%) e a *Industria* (7,95%).

A *Construción* foi o sector que máis medrou no número de empresas no período 2001-2006.

No período 2001-2006 o crecemento global do número de empresas foi do 21,43%.

Por sectores, o número de empresas do sector da *Construción* medrou un 38,51%, mentres que o das empresas do sector *Servizos* o facían nun 20,40% e as da *Industria* nun 12,44%.

Evolución do número de empresas por sectores económicos na Área de Vigo
2001 - 2006




Fonte: Directorio de Empresas e Unidades Locais. IGE

SECTOR EMPRESARIAL

Número de empresas por volume de empregados*

Número de empresas por volume de empregados/as na Área de Vigo Ano 2006



Fonte: Directorio de Empresas e Unidades Locais. IGE

O 85,99% das sociedades da AV son Microempresas.

O tamaño medio das empresas da área é bastante baixo, posto que o 85,99% das mesmas non teñen máis de 6 asalariados.

Ademais, este tamaño mantívose estancado posto que no ano 2004 a porcentaxe de microempresas era do 85,50%.

Microempresa: de 0 a 9 asalariados. **Pequena empresa:** de 10 a 49 asalariados. **Mediana empresa:** de 50 a 249 asalariados. **Gran empresa:** máis de 250 asalariados.

Considérase asalariado á persoa que participa na actividade económica a cambio dunha remuneración (en metálico ou en especie) ou dunha participación nos beneficios.

(*) Estas cifras só inclúen ás formas xurídicas societarias, excluindo aos autónomos

No ano 2006 había 14.695 sociedades na Área de Vigo. A maior parte destas empresas (85,99%) tiña menos de 9 empregados e só un 0,18% das mesmas tiñan máis de 250 empregados, o que conforma un entramado empresarial dun tamaño reducido.

Por outro lado, a forma xurídica maioritaria das empresas da AV é a de autónomos, constituíndo o 54,14% do empresariado, baixando polo tanto a súa porcentaxe de representatividade, que no ano 2004 estaba no 57,74%.

NÚMERO E PORCENTAXE DE AUTÓNOMOS SOBRE O TOTAL DE EMPRESAS. ANOS 2004 E 2006

Ano	Nº autónomos	Porcentaxe
2004	18.674	57,74%
2006	17.351	54,14%

Fonte: Directorio de Empresas e Unidades Locais. IGE

ANEXO ESTADÍSTICO

TÁBOA 1. TAXAS DE ACTIVIDADE, OCUPACIÓN E DESEMPREGO DOS CONCELLOS DA ÁREA DE VIGO, ANO 2001

		Baiona	Fornelos de Montes	Gondomar	Mos	Nigrán	Pazos de Borbén	O Porriño	Redondela	Salceda de Caselas	Salvaterra de Miño	Soutomaior	Vigo
Actividade	Total	56,21	38,18	55,85	54,07	54,94	50,08	55,71	56,47	54,79	45,49	50,26	54,47
	Homes	68,93	56,35	70,63	69,20	70,15	66,00	72,31	68,65	72,31	62,89	63,57	65,83
	Mulleres	44,03	22,97	41,73	39,82	40,69	36,71	40,58	45,11	38,54	29,55	38,16	44,43
Ocupación	Total	52,20	25,67	49,76	46,45	50,36	36,76	48,35	48,47	49,59	39,26	40,13	46,33
	Homes	65,21	40,53	65,36	62,57	65,89	51,70	65,87	61,87	68,28	56,08	55,52	58,23
	Mulleres	39,74	13,24	34,84	31,26	35,80	24,21	32,39	35,97	32,25	23,86	26,15	35,83
Desemprego	Total	7,14	32,76	10,91	14,10	8,34	26,59	13,21	14,17	9,49	13,69	20,15	14,93
	Homes	5,40	28,09	7,46	9,58	6,07	21,66	8,90	9,87	5,56	10,84	12,67	11,54
	Mulleres	9,74	42,36	16,50	21,49	12,01	34,03	20,19	20,27	16,33	19,26	31,47	19,37

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do censo de poboación e vivenda do 2001

TÁBOA 2. COMPARACIÓN DAS CIFRAS DE ACTIVIDADE, OCUPACIÓN E DESEMPREGO DOS CONCELLOS DA AREA CON RESPECTO ÁS GLOBAIS DA ÁREA DE VIGO, ANO 2001

		Baiona	Fornelos de Montes	Gondomar	Mos	Nigrán	Pazos de Borbén	O Porriño	Redondela	Salceda de Caselas	Salvaterra de Miño	Soutomaior	Vigo
Actividade	Total	2,76%	0,37%	3,01	3,42%	3,95%	0,71%	3,91%	7,46%	1,54%	1,7%	1,25%	69,91%
	Homes	2,85%	0,43%	3,2	3,66%	4,21%	0,73%	4,17%	7,54%	1,69%	1,93%	1,3%	68,27%
	Mulleres	2,63%	0,29%	2,74	3,09%	3,6%	0,67%	3,55%	7,35%	1,34%	1,37%	1,18%	72,16%
Ocupación	Total	2,99%	0,29%	3,13	3,43%	4,23%	0,6%	3,96%	7,47%	1,63%	1,71%	1,16%	69,38%
	Homes	3,02%	0,35%	3,32	3,71%	4,43%	0,64%	4,26%	7,61%	1,79%	1,93%	1,32%	67,66%
	Mulleres	2,94%	0,21%	2,83	3%	3,92%	0,55%	3,51%	7,25%	1,39%	1,37%	1%	72,01%
Desemprego	Total	1,38%	0,85%	2,3	3,37%	2,31%	1,31%	3,62%	7,4%	1,03%	1,62%	1,76%	73,04%
	Homes	1,43%	1,13%	2,22	3,26%	2,38%	1,47%	3,46%	6,93%	0,87%	1,95%	1,53%	73,35%
	Mulleres	1,33%	0,64%	2,35	3,46%	2,25%	1,19%	3,74%	7,76%	1,14%	1,37%	1,94%	72,8%

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do censo de poboación e vivenda do 2001

TÁBOA 3. EVOLUCIÓN DA CIFRA DE PARO REXISTRADO

	Baiona	Fornelos de Montes	Gondomar	Mos	Nigrán	Pazos de Borbén	O Porriño	Redondela	Salceda de Caselas	Salvaterra de Miño	Soutomaior	Vigo
xan 07	604	173	778	967	857	265	1.157	1.857	482	625	497	19.687
feb 07	601	176	761	925	865	260	1.131	1.814	489	597	497	19.595
mar 07	578	166	773	945	843	252	1.191	1.790	481	586	493	19.651
abr 07	552	152	738	957	842	241	1.174	1.772	487	595	477	19.287
mai 07	525	155	698	909	778	230	1.158	1.707	456	572	456	18.502
xuñ 07	519	151	667	898	725	219	1.162	1.630	437	568	442	17.791

Fonte: Informe mensual do paro rexistrado. SGC

TÁBOA 4. PORCENTAXE DE VARIACIÓN DA CIFRA DE PARO DO MES COMPARADA COA DO MESMO MES DO ANO ANTERIOR

	Baiona	Fornelos de Montes	Gondomar	Mos	Nigrán	Pazos de Borbén	O Porriño	Redondela	Salceda de Caselas	Salvaterra de Miño	Soutomaior	Vigo
Xan 07/Xan 06	-14,81%	-6,49%	-14,69%	-16,20%	-12,19%	-20,18%	-17,94%	-15,51%	-11,72%	-6,02%	-6,05%	-13,98%
Feb 07/Feb 06	-13,02%	-4,86%	-14,69%	-13,63%	-7,29%	-16,40%	-18,81%	-16,33%	-11,57%	-6,57%	-4,79%	-15,08%
Mar 07/Mar 06	-12,29%	-8,29%	-13,53%	-11,35%	-8,27%	-19,49%	-14,75%	-15,00%	-11,58%	-8,86%	-4,46%	-13,53%
Abr 07/Abr 06	-15,73%	-8,98%	-15,17%	-7,18%	-4,75%	-18,86%	-12,65%	-13,60%	-8,29%	-6,45%	-5,17%	-11,99%
Mai 07/Mai 06	-14,36%	-1,27%	-14,15%	-6,96%	-7,38%	-16,36%	-11,47%	-12,64%	-15,08%	-7,29%	-9,70%	-11,83%
Xuñ 07/Xuñ 06	-6,99%	6,34%	-9,38%	-1,97%	-8,92%	-17,98%	-7,11%	-11,36%	-14,15%	-4,22%	-10,71%	-9,38%

Fonte: Informe mensual do paro rexistrado. SGC

TÁBOA 5. DISTRIBUCIÓN DO PARO POR SEXO E IDADE (Nº), XUÑO 2007

		Baiona	Fornelos de Montes	Gondomar	Mos	Nigrán	Pazos de Borbén	O Porriño	Redondela	Salceda de Caselas	Salvaterra de Miño	Soutomaior	Vigo
Menores de 25 anos	Total	71	19	76	74	102	21	154	147	37	58	37	1.588
	Homes	41	9	30	28	58	12	73	68	19	27	21	803
	Mulleres	30	10	46	46	44	9	81	79	18	31	16	785
25 e máis anos	Total	448	132	591	824	623	198	1.008	1.483	400	510	405	16.203
	Homes	160	39	221	212	223	57	303	335	90	138	122	5.344
	Mulleres	288	93	370	612	400	141	705	1.148	310	372	283	10.859

Fonte: Informe mensual do paro rexistrado. SGC

TÁBOA 6. DISTRIBUCIÓN DO PARO POR SEXO E IDADE (%), XUÑO 2007

		Baiona	Fornelos de Montes	Gondomar	Mos	Nigrán	Pazos de Borbén	O Porriño	Redondela	Salceda de Caselas	Salvaterra de Miño	Soutomaior	Vigo
Menores de 25 anos	Total	13,68%	12,58%	11,39%	8,24%	14,07%	9,59%	13,25%	9,02%	8,47%	10,21%	8,37%	8,93%
	Homes	7,90%	5,96%	4,50%	3,12%	8,00%	5,48%	6,28%	4,17%	4,35%	4,75%	4,75%	4,51%
	Mulleres	5,78%	6,62%	6,90%	5,12%	6,07%	4,11%	6,97%	4,85%	4,12%	5,46%	3,62%	4,41%
25 e máis anos	Total	86,32%	87,42%	88,61%	91,76%	85,93%	90,41%	86,75%	90,98%	91,53%	89,79%	91,63%	91,07%
	Homes	30,83%	25,83%	33,13%	23,61%	30,76%	26,03%	26,08%	20,55%	20,59%	24,30%	27,60%	30,04%
	Mulleres	55,49%	61,59%	55,47%	68,15%	55,17%	64,38%	60,67%	70,43%	70,94%	65,49%	64,03%	61,04%

Fonte: Informe mensual do paro rexistrado. SGC

TÁBOA 7. EVOLUCIÓN DO PARO POR SEXO

		Baiona	Fornelos de Montes	Gondomar	Mos	Nigrán	Pazos de Borbén	O Porriño	Redondela	Salceda de Caselas	Salvaterra de Miño	Soutomaior	Vigo
Mulleres	xan 07	373	123	480	673	538	171	795	1.365	367	430	341	12.630
	feb 07	376	119	473	646	540	170	784	1.330	369	417	325	12.582
	mar 07	367	112	485	658	524	170	807	1.320	355	421	325	12.656
	abr 07	351	107	461	667	513	162	793	1.313	367	423	325	12.528
	mai 07	331	107	433	642	465	156	784	1.289	348	403	313	12.065
	xuñ 07	318	103	416	658	444	150	786	1.227	328	403	299	11.644
Homes	xan 07	231	50	298	294	319	94	362	492	115	195	156	7.057
	feb 07	225	57	288	279	325	90	347	484	120	180	172	7.013
	mar 07	211	54	288	287	319	82	384	470	126	165	168	6.995
	abr 07	201	45	277	290	329	79	381	459	120	172	152	6.759
	mai 07	194	48	265	267	313	74	374	418	108	169	143	6.437
	xuñ 07	201	48	251	240	281	69	376	403	109	165	143	6.147

Fonte: Informe mensual do paro rexistrado. SGC

TÁBOA 8. EVOLUCIÓN DO PARO POR SEXO, MENORES DE 25 ANOS

		Baiona	Fornelos de Montes	Gondomar	Mos	Nigrán	Pazos de Borbén	O Porriño	Redondela	Salceda de Caselas	Salvaterra de Miño	Soutomaior	Vigo
Homes	xan 07	33	4	42	41	50	8	64	75	13	28	15	919
	feb 07	36	7	41	44	53	10	59	77	14	23	27	934
	mar 07	33	8	42	43	48	9	73	82	15	20	28	928
	abr 07	31	5	32	49	49	14	77	67	16	25	24	869
	mai 07	32	6	31	41	58	11	60	69	16	26	21	797
	xuñ 07	41	9	30	28	58	12	73	68	19	27	21	803
Mulleres	xan 07	36	16	62	66	63	18	85	94	32	44	18	967
	feb 07	40	14	62	61	68	14	76	87	29	36	20	957
	mar 07	34	12	61	56	64	13	80	84	21	42	22	975
	abr 07	25	12	56	55	58	10	76	86	22	39	18	954
	mai 07	30	12	47	59	44	9	69	84	16	25	14	828
	xuñ 07	30	10	46	46	44	9	81	79	18	31	16	785

Fonte: Informe mensual do paro rexistrado. SGC

TÁBOA 9. EVOLUCIÓN DO PARO POR SEXO, 25 E MÁIS ANOS

	Baiona	Fornelos de Montes	Gondomar	Mos	Nigrán	Pazos de Borbén	O Porriño	Redondela	Salceda de Caselas	Salvaterra de Miño	Soutomaior	Vigo	
Mulleres	xan 07	337	107	418	607	475	153	710	1.271	335	386	323	11.663
	feb 07	336	105	411	585	472	156	708	1.243	340	381	305	11.625
	mar 07	333	100	424	602	460	157	727	1.236	334	379	303	11.681
	abr 07	326	95	405	612	455	152	717	1.227	345	384	307	11.574
	mai 07	301	95	386	583	421	147	715	1.205	332	378	299	11.237
	xuñ 07	288	93	370	612	400	141	705	1.148	310	372	283	10.859
Homes	xan 07	198	46	256	253	269	86	298	417	102	167	141	6.138
	feb 07	189	50	247	235	272	80	288	407	106	157	145	6.079
	mar 07	178	46	246	244	271	73	311	388	111	145	140	6.067
	abr 07	170	40	245	241	280	65	304	392	104	147	128	5.890
	mai 07	162	42	234	226	255	63	314	349	92	143	122	5.640
	xuñ 07	160	39	221	212	223	57	303	335	90	138	122	5.344

Fonte: Informe mensual do paro rexistrado. SGC

TÁBOA 10. DISTRIBUCIÓN DO PARO POR SECTOR ECONÓMICO (Nº), XUÑO 2007

	Baiona	Fornelos de Montes	Gondomar	Mos	Nigrán	Pazos de Borbén	O Porriño	Redondela	Salceda de Caselas	Salvaterra de Miño	Soutomaior	Vigo
Agricultura/Gandaría	31	4	12	11	18	7	26	43	30	47	13	325
Industria	44	17	124	265	110	69	269	583	110	148	112	3.104
Construción	36	17	107	71	50	29	109	113	43	63	31	1.109
Servizos	295	77	274	386	378	89	487	720	167	230	249	10.627
Sen emprego anterior	113	36	150	165	169	25	271	171	87	80	37	2.626

Fonte: Informe mensual do paro rexistrado. SGC

TÁBOA 11. DISTRIBUCIÓN DO PARO POR SECTOR ECONÓMICO (%), XUÑO 2007

	Baiona	Fornelos de Montes	Gondomar	Mos	Nigrán	Pazos de Borbén	O Porriño	Redondela	Salceda de Caselas	Salvaterra de Miño	Soutomaior	Vigo
Agricultura/Gandaría	5,97%	2,65%	1,80%	1,22%	2,48%	3,20%	2,24%	2,64%	6,86%	8,27%	2,94%	1,83%
Industria	8,48%	11,26%	18,59%	29,51%	15,17%	31,51%	23,15%	35,77%	25,17%	26,06%	25,34%	17,45%
Construción	6,94%	11,26%	16,04%	7,91%	6,90%	13,24%	9,38%	6,93%	9,84%	11,09%	7,01%	6,23%
Servizos	56,84%	50,99%	41,08%	42,98%	52,14%	40,64%	41,91%	44,17%	38,22%	40,49%	56,33%	59,73%
Sen emprego anterior	21,77%	23,84%	22,49%	18,37%	23,31%	11,42%	23,32%	10,49%	19,91%	14,08%	8,37%	14,76%

Fonte: Informe mensual do paro rexistrado. SGC

TÁBOA 12. EVOLUCIÓN DA CIFRA DE PARO POR SECTORES ECONÓMICOS

		Baiona	Fornelos de Montes	Gondomar	Mos	Nigrán	Pazos de Borbén	O Porriño	Redondela	Salceda de Caselas	Salvaterra de Miño	Soutomaior	Vigo
Agricultura/Gandaría	xan 07	26	9	22	7	21	9	29	76	29	56	19	373
	feb 07	26	9	22	10	29	10	26	89	29	50	21	375
	mar 07	25	9	20	8	26	9	26	74	28	49	23	367
	abr 07	23	8	16	8	28	8	29	55	31	55	18	349
	mai 07	25	7	14	11	21	9	29	52	31	52	18	348
	xuñ 07	31	4	12	11	18	7	26	43	30	47	13	325
Industria	xan 07	56	17	142	295	118	70	280	609	112	155	122	3.293
	feb 07	52	18	133	288	121	71	273	584	110	160	116	3.202
	mar 07	48	16	138	292	116	77	270	596	111	150	119	3.235
	abr 07	44	15	128	295	120	75	273	604	115	153	115	3.257
	mai 07	44	16	119	271	114	70	268	593	121	146	112	3.213
	xuñ 07	44	17	124	265	110	69	269	583	110	148	112	3.104
Construción	xan 07	61	19	118	72	60	27	108	125	49	78	38	1.244
	feb 07	47	21	109	67	57	28	100	121	50	66	45	1.235
	mar 07	46	18	108	69	56	27	101	112	48	60	43	1.231
	abr 07	45	16	105	69	61	28	101	121	51	62	37	1.215
	mai 07	41	16	114	63	60	30	109	113	47	57	34	1.202
	xuñ 07	36	17	107	71	50	29	109	113	43	63	31	1.109

Fonte: Informe mensual do paro rexistrado. SGC

TÁBOA 12. EVOLUCIÓN DA CIFRA DE PARO POR SECTORES ECONÓMICOS (continuación)

	Baiona	Fornelos de Montes	Gondomar	Mos	Nigrán	Pazos de Borbén	O Porriño	Redondela	Salceda de Caselas	Salvaterra de Miño	Soutomaior	Vigo	
Servizos	xan 07	346	100	316	432	476	125	498	845	210	257	274	12.025
	feb 07	352	98	320	409	471	119	490	821	216	246	273	11.942
	mar 07	340	95	324	420	456	111	518	810	212	253	262	11.934
	abr 07	334	84	308	427	447	105	495	800	204	248	264	11.677
	mai 07	310	83	291	407	419	95	501	764	176	240	256	11.114
	xuñ 07	295	77	274	386	378	89	487	720	167	230	249	10.627
Sen emprego anterior	xan 07	115	28	180	161	182	34	242	202	82	79	44	2.752
	feb 07	124	30	177	151	187	32	242	199	84	75	42	2.841
	mar 07	119	28	183	156	189	28	276	198	82	74	46	2.884
	abr 07	106	29	181	158	186	25	276	192	86	77	43	2.789
	mai 07	105	33	160	157	164	26	251	185	81	77	36	2.625
	xuñ 07	113	36	150	165	169	25	271	171	87	80	37	2.626

Fonte: Informe mensual do paro rexistrado. SGC

TÁBOA 13. PORCENTAXE DE VARIACIÓN DA CIFRA DE PARO POR SECTOR ECONÓMICO DO MES COMPARADA COA DO MESMO MES DO ANO ANTERIOR

		Baiona	Fornelos de Montes	Gondomar	Mos	Nigrán	Pazos de Borbén	O Porriño	Redondela	Salceda de Caselas	Salvaterra de Miño	Soutomaior	Vigo
Agricultura/Gandaría	Xan 07/Xan 06	-27,78%	28,57%	-15,38%	-41,67%	-25,00%	28,57%	-3,33%	-28,30%	-3,33%	16,67%	0,00%	-15,42%
	Feb 07/Feb 06	-31,58%	12,50%	-12,00%	-28,57%	0,00%	25,00%	-16,13%	-17,59%	-3,33%	2,04%	16,67%	-11,97%
	Mar 07/Mar 06	-24,24%	0,00%	-16,67%	-46,67%	-3,70%	12,50%	-13,33%	-10,84%	-6,67%	-5,77%	15,00%	-7,32%
	Abr 07/Abr 06	-41,03%	-11,11%	-23,81%	-50,00%	64,71%	33,33%	7,41%	-21,43%	-3,13%	10,00%	-14,29%	2,05%
	Mai 07/Mai 06	-28,57%	-22,22%	-33,33%	-21,43%	23,53%	80,00%	7,41%	-18,75%	-6,06%	-3,70%	-21,74%	3,26%
	Xuñ 07/Xuñ 06	-20,51%	-50,00%	-25,00%	10,00%	-21,74%	40,00%	8,33%	-10,42%	-11,76%	-12,96%	-23,53%	-0,61%
Industria	Xan 07/Xan 06	-24,32%	-19,05%	-14,97%	-19,62%	-19,18%	-23,08%	-25,13%	-10,96%	-12,50%	-12,43%	-3,17%	-17,28%
	Feb 07/Feb 06	-27,78%	-10,00%	-20,36%	-11,66%	-11,03%	-14,46%	-24,59%	-11,92%	-13,39%	-9,09%	-6,45%	-19,35%
	Mar 07/Mar 06	-33,33%	-23,81%	-19,77%	-10,98%	-12,12%	-8,33%	-23,30%	-8,02%	-15,91%	-10,71%	3,48%	-16,73%
	Abr 07/Abr 06	-38,03%	-25,00%	-25,58%	-8,67%	-6,98%	-9,64%	-18,75%	-6,93%	-7,26%	-4,97%	-3,36%	-14,31%
	Mai 07/Mai 06	-31,25%	-11,11%	-22,22%	-9,06%	-5,79%	-11,39%	-17,03%	-4,66%	-5,47%	-7,01%	-5,88%	-11,37%
	Xuñ 07/Xuñ 06	-21,43%	21,43%	-21,02%	-10,47%	-12,00%	-14,81%	-13,50%	-2,51%	-5,17%	4,96%	-5,08%	-10,52%
Construción	Xan 07/Xan 06	-17,57%	-5,00%	1,72%	-34,55%	-22,08%	-28,95%	-25,00%	-22,36%	-24,62%	2,63%	-5,00%	-14,97%
	Feb 07/Feb 06	-29,85%	5,00%	0,00%	-33,00%	-21,92%	-28,21%	-32,43%	-21,43%	-20,63%	1,54%	7,14%	-15,87%
	Mar 07/Mar 06	-24,59%	-5,26%	-2,70%	-25,81%	-26,32%	-28,95%	-29,37%	-27,74%	-18,64%	-10,45%	-4,44%	-15,40%
	Abr 07/Abr 06	-23,73%	-11,11%	6,06%	-20,69%	-17,57%	-22,22%	-24,06%	-11,03%	-7,27%	-8,82%	-9,76%	-13,71%
	Mai 07/Mai 06	-30,51%	-11,11%	25,27%	-19,23%	-17,81%	-11,76%	-11,38%	-18,12%	-14,55%	-13,64%	-17,07%	-9,76%
	Xuñ 07/Xuñ 06	-26,53%	0,00%	17,58%	-4,05%	-21,88%	3,57%	-8,40%	-15,67%	-18,87%	-3,08%	-34,04%	-11,84%

Fonte: Informe mensual do paro rexistrado. SGC

TÁBOA 13. PORCENTAXE DE VARIACIÓN DA CIFRA DE PARO POR SECTOR ECONÓMICO DO MES COMPARADA COA DO MESMO MES DO ANO ANTERIOR (continuación)

	Baiona	Fornelos de Montes	Gondomar	Mos	Nigrán	Pazos de Borbén	O Porriño	Redondela	Salceda de Caselas	Salvaterra de Miño	Soutomaior	Vigo	
Servizos	Xan 07/Xan 06	-21,72%	-9,91%	-25,12%	-9,62%	-12,66%	-21,38%	-15,88%	-17,08%	-4,98%	-8,21%	-9,57%	-14,50%
	Feb 07/Feb 06	-16,78%	-10,91%	-21,38%	-6,62%	-10,11%	-19,59%	-16,95%	-18,31%	-6,90%	-9,23%	-7,46%	-15,08%
	Mar 07/Mar 06	-14,36%	-9,52%	-17,77%	-4,33%	-10,41%	-26,00%	-13,95%	-18,10%	-9,01%	-9,96%	-10,88%	-13,87%
	Abr 07/Abr 06	-13,47%	-10,64%	-19,37%	1,43%	-8,78%	-23,91%	-14,06%	-17,61%	-10,53%	-10,79%	-6,05%	-12,45%
	Mai 07/Mai 06	-12,43%	-5,68%	-20,92%	0,25%	-9,50%	-25,20%	-9,89%	-15,86%	-23,14%	-7,69%	-4,48%	-12,64%
	Xuñ 07/Xuñ 06	-6,65%	-2,53%	-11,33%	9,97%	-11,89%	-26,45%	-6,17%	-15,59%	-21,60%	-9,80%	-5,68%	-10,45%
Sen emprego anterior	Xan 07/Xan 06	38,55%	7,69%	-0,55%	-13,90%	1,11%	-8,11%	-10,37%	-11,40%	-19,61%	-5,95%	7,32%	-6,33%
	Feb 07/Feb 06	36,26%	11,11%	-3,80%	-21,76%	9,36%	-3,03%	-7,63%	-16,39%	-16,83%	-3,85%	-2,33%	-9,81%
	Mar 07/Mar 06	23,96%	3,70%	-5,18%	-18,32%	8,00%	-15,15%	2,22%	-14,29%	-8,89%	-1,33%	9,52%	-8,04%
	Abr 07/Abr 06	6,00%	11,54%	-7,65%	-14,13%	6,90%	-26,47%	1,47%	-14,67%	-6,52%	-2,53%	4,88%	-7,80%
	Mai 07/Mai 06	3,96%	37,50%	-11,11%	-13,26%	-1,20%	-13,33%	-10,04%	-16,67%	-11,96%	-3,75%	-33,33%	-11,59%
	Xuñ 07/Xuñ 06	15,31%	50,00%	-7,98%	-10,81%	9,03%	-21,88%	-2,52%	-16,99%	-6,45%	2,56%	-24,49%	-3,17%

Fonte: Informe mensual do paro rexistrado. SGC

TÁBOA 14. NÚMERO DE EMPRESAS POR SECTORES ECONÓMICOS (*)

		Baiona	Fornelos de Montes	Gondomar	Mos	Nigrán	Pazos de Borbén	O Porriño	Redondela	Salceda de Caselas	Salvaterra de Miño	Soutomaior	Vigo
Industria, incluída a enerxía	2001	27	5	98	154	73	10	203	177	84	72	24	1.339
	2002	27	7	100	166	72	12	215	172	88	74	23	1.377
	2003	27	6	103	172	74	13	228	175	83	72	23	1.414
	2004	27	6	108	190	75	13	230	179	87	74	27	1.450
	2006	27	6	103	172	74	13	228	175	83	72	23	1.414
Construción	2001	77	7	137	131	170	16	139	207	72	61	41	1.445
	2002	87	7	142	142	178	18	142	223	72	72	46	1.514
	2003	96	10	155	154	181	19	157	233	77	74	50	1.594
	2004	102	11	172	171	202	21	170	251	87	88	54	1.776
	2006	96	10	155	154	181	19	157	233	77	74	50	1.594
Servizos	2001	474	29	470	636	736	62	830	1.195	248	250	266	16.425
	2002	480	33	498	668	781	60	887	1.215	267	266	282	16.582
	2003	509	31	522	708	824	64	892	1.248	282	262	278	17.221
	2004	550	32	557	760	915	67	966	1.314	309	275	300	18.329
	2006	509	31	522	708	824	64	892	1.248	282	262	278	17.221

Fonte: Directorio de empresas e unidades locais. IGE

(*) Non hai datos para o ano 2005.

TÁBOA 15. PORCENTAXE DE EMPRESAS POR SECTORES ECONÓMICOS (*)

		Baiona	Fornelos de Montes	Gondomar	Mos	Nigrán	Pazos de Borbén	O Porriño	Redondela	Salceda de Caselas	Salvaterra de Miño	Soutomaior	Vigo
Industria, incluída a enerxía	2001	4,67%	12,20%	13,90%	16,72%	7,46%	11,36%	17,32%	11,21%	20,79%	18,80%	7,25%	6,97%
	2002	4,55%	14,89%	13,51%	17,01%	6,98%	13,33%	17,28%	10,68%	20,61%	17,96%	6,55%	7,07%
	2003	4,27%	12,77%	13,21%	16,63%	6,86%	13,54%	17,85%	10,57%	18,78%	17,65%	6,55%	6,99%
	2004	3,98%	12,24%	12,90%	16,95%	6,29%	12,87%	16,84%	10,26%	18,01%	16,93%	7,09%	6,73%
	2006	4,27%	12,77%	13,21%	16,63%	6,86%	13,54%	17,85%	10,57%	18,78%	17,65%	6,55%	6,99%
Construción	2001	13,32%	17,07%	19,43%	14,22%	17,36%	18,18%	11,86%	13,11%	17,82%	15,93%	12,39%	7,52%
	2002	14,65%	14,89%	19,19%	14,55%	17,26%	20,00%	11,41%	13,85%	16,86%	17,48%	13,11%	7,77%
	2003	15,19%	21,28%	19,87%	14,89%	16,77%	19,79%	12,29%	14,07%	17,42%	18,14%	14,25%	7,88%
	2004	15,02%	22,45%	20,55%	15,25%	16,95%	20,79%	12,45%	14,39%	18,01%	20,14%	14,17%	8,24%
	2006	15,19%	21,28%	19,87%	14,89%	16,77%	19,79%	12,29%	14,07%	17,42%	18,14%	14,25%	7,88%
Servizos	2001	82,01%	70,73%	66,67%	69,06%	75,18%	70,45%	70,82%	75,68%	61,39%	65,27%	80,36%	85,51%
	2002	80,81%	70,21%	67,30%	68,44%	75,75%	66,67%	71,30%	75,47%	62,53%	64,56%	80,34%	85,15%
	2003	80,54%	65,96%	66,92%	68,47%	76,37%	66,67%	69,85%	75,36%	63,80%	64,22%	79,20%	85,13%
	2004	81,00%	65,31%	66,55%	67,80%	76,76%	66,34%	70,72%	75,34%	63,98%	62,93%	78,74%	85,03%
	2006	80,54%	65,96%	66,92%	68,47%	76,37%	66,67%	69,85%	75,36%	63,80%	64,22%	79,20%	85,13%

Fonte: Directorio de empresas e unidades locais. IGE

(*) Non hai datos para o ano 2005.

Área de Vigo

TÁBOA 16. NÚMERO DE EMPRESAS POR VOLUME DE EMPREGADOS

		Baiona	Fornelos de Montes	Gondomar	Mos	Nigrán	Pazos de Borbén	O Porriño	Redondela	Salceda de Caselas	Salvaterra de Miño	Soutomaior	Vigo
Microempresa	2001	556	41	655	807	947	83	1006	1.506	373	358	317	17.926
	2002	573	47	685	859	999	84	1065	1.525	393	388	339	18.200
	2003(*)	177	6	231	433	362	24	499	430	157	108	135	7.403
	2004(*)	207	6	251	471	402	27	533	460	176	127	143	8.135
	2006(*)	255	6	304	520	483	27	642	544	204	147	154	9.350
Pequena empresa	2001	21	0	47	103	31	4	128	66	28	23	13	1.105
	2002	21	0	53	106	31	5	141	77	31	23	11	1.107
	2003(*)	21	0	64	102	29	7	139	71	30	27	12	1.136
	2004(*)	21	0	59	108	31	7	152	69	23	26	13	1.135
	2006(*)	19	2	67	119	32	6	174	73	27	29	16	1.224
Mediana empresa	2001	1	0	3	9	1	1	35	6	3	2	1	156
	2002	0	0	2	9	1	1	35	7	3	1	1	147
	2003(*)	0	0	4	8	2	0	34	9	2	1	0	157
	2004(*)	2	0	4	10	3	0	36	7	3	1	0	162
	2006(*)	1	0	6	12	2	1	39	6	2	2	1	173

Fonte: Directorio de empresas e unidades locais. IGE

(*) Nos anos 2003, 2004 e 2006 non se contaron os autónomos/as, este feito afecta sobre todo ao número de microempresas.

TÁBOA 16. NÚMERO DE EMPRESAS POR VOLUME DE EMPREGADOS (Continuación)

	Baiona	Fornelos de Montes	Gondomar	Mos	Nigrán	Pazos de Borbén	O Porriño	Redondela	Salceda de Caselas	Salvaterra de Miño	Soutomaior	Vigo
Gran empresa	2001	0	0	0	2	0	3	1	0	0	0	22
	2002	0	0	0	2	0	3	1	0	0	0	19
	2003(*)	0	0	0	2	0	5	1	0	0	0	19
	2004(*)	0	0	0	2	0	5	1	0	0	0	16
	2006(*)	0	0	0	2	0	5	1	0	0	0	18

Fonte: Directorio de empresas e unidades locais. IGE

(*) Nos anos 2003, 2004 e 2006 non se contaron os autónomos/as, este feito afecta sobre todo ao número de microempresas.

TÁBOA 17. NÚMERO DE AUTÓNOMOS, ANOS 2003, 2004 E 2006

	Baiona	Fornelos de Montes	Gondomar	Mos	Nigrán	Pazos de Borbén	O Porriño	Redondela	Salceda de Caselas	Salvaterra de Miño	Soutomaior	Vigo
2003	434	41	481	489	686	65	600	1145	253	272	204	11514
2004	449	43	523	530	756	67	640	1207	281	283	225	12107
2006	357	39	403	381	562	62	417	1.032	209	230	180	9.464

Fonte: Directorio de empresas e unidades locais. IGE

TÁBOA 18. PORCENTAXE DE EMPRESAS POR VOLUME DE EMPREGADOS

		Baiona	Fornelos de Montes	Gondomar	Mos	Nigrán	Pazos de Borbén	O Porriño	Redondela	Salceda de Caselas	Salvaterra de Miño	Soutomaior	Vigo
Microempresa	2001	96,19%	100,00%	92,91%	87,62%	96,73%	94,32%	85,84%	95,38%	92,33%	93,47%	95,77%	93,32%
	2002	96,46%	100,00%	92,57%	88,01%	96,90%	93,33%	85,61%	94,72%	92,04%	94,17%	96,58%	93,46%
	2003(*)	89,39%	100,00%	77,26%	79,45%	92,11%	77,42%	73,71%	84,15%	83,07%	79,41%	91,84%	84,95%
	2004(*)	90,00%	100,00%	79,94%	79,70%	92,20%	79,41%	73,42%	85,66%	87,13%	82,47%	91,67%	86,10%
	2006(*)	92,73%	75,00%	80,64%	79,63%	93,42%	79,41%	74,65%	87,18%	87,55%	82,58%	90,06%	86,86%
Pequena empresa	2001	3,63%	0,00%	6,67%	11,18%	3,17%	4,55%	10,92%	4,18%	6,93%	6,01%	3,93%	5,75%
	2002	3,54%	0,00%	7,16%	10,86%	3,01%	5,56%	11,33%	4,78%	7,26%	5,58%	3,13%	5,68%
	2003(*)	10,61%	0,00%	21,40%	18,72%	7,38%	22,58%	20,53%	13,89%	15,87%	19,85%	8,16%	13,03%
	2004(*)	9,13%	0,00%	18,79%	18,27%	7,11%	20,59%	20,94%	12,85%	11,39%	16,88%	8,33%	12,01%
	2006(*)	6,91%	25,00%	17,77%	18,22%	6,19%	17,65%	20,23%	11,70%	11,59%	16,29%	9,36%	11,37%
Mediana empresa	2001	0,17%	0,00%	0,43%	0,98%	0,10%	1,14%	2,99%	0,38%	0,74%	0,52%	0,30%	0,81%
	2002	0,00%	0,00%	0,27%	0,92%	0,10%	1,11%	2,81%	0,43%	0,70%	0,24%	0,28%	0,75%
	2003(*)	0,00%	0,00%	1,34%	1,47%	0,51%	0,00%	5,02%	1,76%	1,06%	0,74%	0,00%	1,80%
	2004(*)	0,87%	0,00%	1,27%	1,69%	0,69%	0,00%	4,96%	1,30%	1,49%	0,65%	0,00%	1,71%
	2006(*)	0,36%	0,00%	1,59%	1,84%	0,39%	2,94%	4,53%	0,96%	0,86%	1,12%	0,58%	1,61%

Fonte: Directorio de empresas e unidades locais. IGE

(*) Nos anos 2003, 2004 e 2006 non se contaron os autónomos/as, este feito afecta sobre todo ao número de microempresas.

TÁBOA 18. PORCENTAXE DE EMPRESAS POR VOLUME DE EMPREGADOS (Continuación)

	Baiona	Fornelos de Montes	Gondomar	Mos	Nigrán	Pazos de Borbén	O Porriño	Redondela	Salceda de Caselas	Salvaterra de Miño	Soutomaior	Vigo	
Gran empresa	2001	0,00%	0,00%	0,00%	0,22%	0,00%	0,00%	0,26%	0,06%	0,00%	0,00%	0,00%	0,11%
	2002	0,00%	0,00%	0,00%	0,20%	0,00%	0,00%	0,24%	0,06%	0,00%	0,00%	0,00%	0,10%
	2003(*)	0,00%	0,00%	0,00%	0,37%	0,00%	0,00%	0,74%	0,20%	0,00%	0,00%	0,00%	0,22%
	2004(*)	0,00%	0,00%	0,00%	0,34%	0,00%	0,00%	0,69%	0,19%	0,00%	0,00%	0,00%	0,17%
	2006(*)	0,00%	0,00%	0,00%	0,31%	0,00%	0,00%	0,58%	0,16%	0,00%	0,00%	0,00%	0,17%

Fonte: Directorio de empresas e unidades locais. IGE

(*) Nos anos 2003, 2004 e 2006 non se contaron os autónomos/as, este feito afecta sobre todo ao número de microempresas.

TÁBOA 19. PORCENTAXE DE AUTÓNOMOS SOBRE O TOTAL DE EMPRESAS, ANOS 2003, 2004 E 2006

	Baiona	Fornelos de Montes	Gondomar	Mos	Nigrán	Pazos de Borbén	O Porriño	Redondela	Salceda de Caselas	Salvaterra de Miño	Soutomaior	Vigo
2003	68,67%	87,23%	61,67%	47,29%	63,58%	67,71%	46,99%	69,14%	57,24%	66,67%	58,12%	56,92%
2004	66,13%	87,76%	62,49%	47,28%	63,42%	66,34%	46,85%	69,21%	58,18%	64,76%	59,06%	56,17%
2006	56,49%	82,98%	51,67%	36,85%	52,09%	64,58%	32,65%	62,32%	47,29%	56,37%	51,28%	46,78%

Fonte: Directorio de empresas e unidades locais. IGE



UNIDADE DE PROMOCIÓN
E DESENVOLVEMENTO
MANCOMUNIDADE DA ÁREA INTERMUNICIPAL DE VIGO



MANCOMUNIDADE DA ÁREA
INTERMUNICIPAL DE VIGO



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
Dirección Xeral de
Promoción do Emprego



REDE DE
TÉCNICOS
DE EMPREGO
DE GALICIA



FONDO SOCIAL
EUROPEO